



SAIDA

Deputación
Pontevedra

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 22 de maio de 2015, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

3.23429.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BUEU PARA A REALIZACIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO "CAMBIO DE MATERIAL DE CUBRICIÓN DA NAVE DE DEPORTES NÁUTICOS", INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015 (PPOS/15)

Á vista da solicitude e toda a documentación necesaria para a válida concesión da subvención no Plan provincial de obras e servizos 2015 (PPOS/15), procedemento concorrencia, para financiar o investimento proposto polo Concello de Bueu denominado "Cambio de material de cubrición da nave de deportes náuticos"; vistos os informes do Servizo de Infraestruturas e da Intervención.


En virtude das competencias que lle confiren os artigos 35 e 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, 30 do R.d.l. 781/86, de 18 de abril, e 16.2 das Bases de execución dos Orzamentos provinciais e a restante normativa local vixente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ó Concello de Bueu con CIF núm. P3600400J, a cantidade de setenta e tres mil cincocentos oitenta e tres euros con vinte e un céntimos (73.583,21€), para a realización do investimento denominado "Cambio de material de cubrición da nave de deportes náuticos" (Ref.:PPOS/15/00930/201500286), cun orzamento polo mesmo importe, é dicir, de 73.583,21 €.
- Convén recordar a obriga dos concellos de posuír as autorizacións, licenzas e os permisos sectoriais necesarios para a normal execución dos investimentos; de feito esta concesión non exime das autorizacións e permisos sectoriais oportunos e do cumprimento da normativa urbanística vixente.
- Esta subvención, contabilizarase con cargo á aplicación 2015/942.9420.762.45 do Orzamento provincial para o presente exercicio 2015.
- A licitación, execución e xustificación deste investimento realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do PPOS/15, aprobadas en acordo plenario o 28 de novembro de 2014 e publicadas no BOP núm. 1 do 2 de xaneiro de 2015 (dispoñibles tamén na web www.depo.es) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ó abeiro da base décimo sexta do PPOS/15, o investimento deberá estar executado e xustificado, na súa totalidade, o 31 de decembro de 2016. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á revogación da subvención concedida.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do ROF.

Pontevedra, 25 de maio de 2015

O Secretario,



Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, de 13 de xaneiro), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BUEU

Xunta de Goberno 22/05/2015